

Informe sobre o Índice de Producción Industrial


Datos correspondentes a xuño de 2025

Data de publicación: 05 /08/2025

Principais resultados

- En xuño de 2025, o Índice de produción industrial (IPI) rexistrou un aumento interanual do 1,8 % en Galicia e do 4,9 % en España.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de equipo medraron un 7,3 %, os bens intermedios un 6,2 % e os bens de consumo un 2,9 %. Pola súa parte, a enerxía retrocedeu un 14,2 %.
- Por ramas de actividade, as contribucións positivas máis destacables corresponden a: "Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques" que aporta 1,4 puntos e "Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento" que achega 1,3 puntos.

Taxas de variación interanual (%)



1. Índice xeral e por destino económico dos bens


O Índice de produción industrial aumentou un 1,8 % en taxa interanual en xuño de 2025 ; en España, incrementouse o 4,9 %.

- Os bens de consumo aumentaron o 2,9 %, cunha repercusión de 0,7 puntos.
- Os bens de equipo rexistran unha taxa de crecemento do 7,3 %, aportando 2,4 puntos á taxa total.
- Os bens intermedios aumentan un 6,2 %, cunha repercusión positiva de 1,4 puntos.
- Por último, a enerxía, que diminúe un 14,2 %, resta 2,7 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Índice de produción industrial (IPI). Xuño de 2025

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	97,5	1,8	0,2
Bens de consumo	106,9	2,9	3,6
Bens de equipo	118,6	7,3	10,8
Bens intermedios	91,4	6,2	-2,1
Enerxía	68,8	-14,2	-13,1

Contribucións á taxa de variación do índice xeral



2. Índices por ramas de actividade

Atendendo ás distintas ramas industriais, o incremento interanual do 1,8 % débese principalmente á contribución positiva de 17 ramas.

Entre as ramas con contribucións negativas (-4,4 puntos) destacan:

- "Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado" (-18,8 %, resta 2,8 puntos).
- "Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n." (-25,1 %, resta 0,9 puntos).

No que respecta ás contribucións positivas (6,2 puntos) as principais ramas foron:


- "Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques" (8,8 % e suma 1,4 puntos).
- "Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento" (15,5 % e suma 1,3 puntos).

3. Índices por comunidades autónomas

O IPI aumentou en 14 comunidades autónomas neste mes de xuño. As comunidades con taxas máis positivas foron Andalucía (19 %) e Castela e León (9,4 %). Pola contra, as maiores baixadas presentáronse en Extremadura (-6 %) e Canarias (-1 %).

IPI. Resultados por comunidades autónomas. Xuño de 2025

Taxas de variación (%)



4. Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a aproximadamente 11.500 establecementos en España.

5. Anexo cadros

Índice de produción industrial. Xuño de 2025

Galicia

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)	Repercusión interanual	Repercusión no que vai de ano
Xeral	97,5	1,8	0,2		
Bens de consumo	106,9	2,9	3,6	0,7	0,8
Bens de equipo	118,6	7,3	10,8	2,4	3,2
Bens intermedios	91,4	6,2	-2,1	1,4	-0,5
Energía	68,8	-14,2	-13,1	-2,7	-3,3

España

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)	Repercusión interanual	Repercusión no que vai de ano
Xeral	107,1	4,9	0,4		
Bens de consumo	106,9	4,2	0,3	1,1	0,1
Bens de equipo	121,3	6,0	-1,1	1,5	-0,3
Bens intermedios	99,7	2,4	0,0	0,8	0,0
Energía	103,7	8,6	3,2	1,5	0,6

Fonte: INE

IPI por ramas de actividade. Galicia. Xuño de 2025

Ramas	Taxa interanual (%)	Repercusión interanual	Taxa no que vai de ano (%)	Repercusión no que vai de ano	Ponderación
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-18,8	-2,8	-14,5	-3,1	19,4
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-25,1	-0,9	-4,9	-0,2	2,8
Outras industrias extractivas	-8,1	-0,1	-10,6	-0,1	1,1
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	-16,4	-0,1	-19,4	-0,1	1,0
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-2,4	-0,1	-12,6	-0,4	5,1
Fabricación de mobles	-9,5	-0,1	-4,9	-0,1	1,3
Industria téxtil	0,5	0,0	-14,2	-0,1	0,8
Industria química	1,6	0,0	-2,0	0,0	1,9
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-7,1	0,0	-18,8	-0,1	0,5
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	0,3	0,0	3,4	0,2	4,8
Industria do papel	6,7	0,1	0,2	0,0	1,2
Outras industrias manufactureiras	7,5	0,1	11,3	0,1	0,7
Confección de roupa de vestir	10,2	0,2	18,3	0,4	1,8
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	33,3	0,2	35,2	0,2	0,8
Industria da alimentación	1,9	0,3	4,0	0,6	14,9
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaria	5,8	0,3	-1,1	0,0	4,6
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	14,2	0,3	7,4	0,2	2,3
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	13,4	0,4	-6,1	-0,2	3,2
Fabricación doutro material de transporte	37,1	0,7	14,7	0,3	1,9
Fabricación de bebidas	13,9	0,8	0,9	0,0	3,8
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	15,5	1,3	9,8	0,8	8,6
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	8,8	1,4	15,5	2,1	13,3

Fonte: INE

Nota: non se amosan na táboa os datos das ramas de Industria do coiro e do calzado, Coquerías e refinación de petróleo, Fabricación de produtos farmacéuticos e Captación, depuración e distribución de auga por estar afectados por un alto erro de mostraxe, ao dispoñer de poucas observacións mostrais

IPI por Comunidades Autónomas. Xuño de 2025

CCAA	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
España	107,08	4,9	0,4
Andalucía	114,08	19,0	6,9
Aragón	122,83	6,2	3,3
Asturias, Principado de	95,50	7,4	5,0
Baleares, Illas	118,34	5,4	6,3
Canarias	109,90	-1,0	-1,8
Cantabria	94,01	4,0	-1,0
Castela e León	109,58	9,4	1,2
Castela-A Mancha	107,96	4,9	0,2
Cataluña	106,83	2,7	-1,2
Comunidade Valenciana	98,33	3,1	-1,2
Extremadura	107,89	-6,0	2,3
Galicia	97,53	1,8	0,2
Madrid, Comunidade de	115,24	3,5	-0,4
Murcia, Rexión de	104,22	7,4	0,7
Navarra, Comunidade Foral de	111,58	4,2	-1,8
País Vasco	102,93	-0,6	-2,6
Rioxa, A	95,18	2,2	2,3

Fonte: INE